

1º **Escribe (V) verdadeiro ou (F) falso** nas seguintes oración:

- A **Soberanía Nacional** é cando o **poder** político reside no **pobo**. ☐
- A **Idade Contemporánea** comeza en **España** ca **Guerra da Independencia**. ☐
- Na **revolución económica** destacamos a revolución agraria e a industrial. ☐
- A **revolución política** en Europa implanta a Soberanía Nacional, a Constitución e a división de poderes. ☐
- A **Idade Contemporánea** comeza en **Europa** a finais do século XIX. ☐

2º **Relaciona** as seguintes columnas:

1º Revolución **Agraria**:

- Constitución.

2º Revolución **Industrial**:

- Máquina de vapor.

- Rotación de cultivos.

3º Revolución **política**:

- Ferrocarril e barco de vapor.

- Materia prima de lugares máis afastados.

- Producións de bens a gran escala

3º **Sinala** a **resposta correcta** as seguintes preguntas:

1. **Entendemos** por réximes políticos **democráticos**:
 - a) A **monarquía** ten todos o poderes: executivo, lexislativo e parlamentario.
 - b) A **burguesía** ten o poder e través do voto elixen o seus representantes.
 - c) Os **cidadáns** teñen o poder e elixen os seus representantes a través do voto.

2. Os **talleres artesanais** foron **substituídos** por:
 - a) Tendas e comercios.
 - b) Fábricas.
 - c) Sindicatos.

3. Os **dereitos** dos **obreiros** foron **defendidos** por:
 - a) Goberno.
 - b) Sindicatos
 - c) Industrias.

4. As **ciudades creceron** moito de tamaño, moitas tiraron as murallas e tiveron que **construír novos barrios**:
 - a) Suburbios industriais.
 - b) Barricadas
 - c) Ensanches.

5. **Grupos sociais** novos:
 - a) Nobreza e Proletariado
 - b) Obreiros e Artesáns
 - c) Proletariado e Burguesía

4º **Escribe (V) verdadeiro ou (F) falso** nas seguintes oración:

- **Xosé Bonaparte** goberna Francia pero pretendía conquistar toda Europa. ☐
- A **Guerra da Independencia** comeza en 1808 e finaliza en 1814. ☐
- En 1812, en Cádiz, aprobouse a **Constitución** chamada a “**Pepa**”. ☐
- **Fernando VII** volveu a España e estableceu a **monarquía democrática**. ☐
- **Isabel II**, filla de Fernando VII, foi defendida polo grupo político que se chamaban os **progresistas**. ☐
- **Fernando VII**, non tivo fillos varóns e cambiou a lei de sucesión para que puidera gobernar a súa filla **Cristina II** ☐
- **Bonaparte** decidiu conquistar Portugal, pediu permiso para pasar por España a Carlos IV e aproveitou para conquistar algunhas cidades españolas. ☐

5º **Completa** as seguintes oracións coas seguintes palabras:

Parlamentaria - Sufraxio Universal masculino - Fernando VII – Napoleón - América, Xosé - Fernando VII .

- _____ Bonaparte, obrigou a Fernando VII a abandonar España e proclamou rei de España a seu Irmán _____ Bonaparte.
- Carlos IV tivo que ceder o trono o seu fillo _____.
- Durante o reinado de Fernando VII, España perdeu case todas as súas colonias en _____.
- Con Isabel II, España converteuse nunha monarquía _____.
- No sexenio democrático 1868-1874, o pobo consegue un dereito fundamental: _____.
- Ao finalizar a Guerra da Independencia coa expulsión dos franceses regresa o rei _____.

6º **Ordena aos reis** segundo o ano que gobernan:

Alfonso XIII, Amadeo I, Fernando VII, Carlos IV, Isabel II, Alfonso XII.

1º	
2º	
3º	
4º	
5º	
6º	

7º Que significa **Sufraxio Universal Masculino**?

8º **Emparella** os movementos artísticos coa súa definición:

1º Romanticismo:

- Ofrece unha visión obxectiva da realidade. Trata de mostrar os costumes da poboación.

2º Impresionismo:

- É un movemento artístico que sostén que son os sentimentos os que deben inspirar a arte.

3º Realismo:

- É un movemento artístico que pretende ser fiel á realidade e reproducir o que o artista pode ver e ata tocar.

9º **Emparella** movemento artístico co seu representante:

1º Romanticismo

Emilia Pardo Bazán

2º Realismo

Sorolla

3º Impresionismo

Rosalía de Castro

10ª **Sinala a resposta correcta** as seguintes preguntas:

1. Con **Alfonso XII**:
 - a) Comeza O Liberalismo.
 - b) Comeza a República.
 - c) Comeza a Guerra da Independencia.

2. Cando morre **Alfonso XII** o herdeiro será:
 - a) Amadeo I.
 - b) María Cristina.
 - c) Isabel II.
 - d) Alfonso XIII.

3. En **1812**, en Cádiz, aprobouse a **Constitución, “A Pepa”** que:
 - a) Limitaba o poder do rei, defendía a igualdade das persoas ante a lei e recoñecía o sufraxio.
 - b) Limitaba o poder do pobo, non había igualdade e non tiñan dereito a votar.

4. Cando **Fernando VII** volveu ao poder: **(Sinala as correctas, HAI VARIAS)**
 - a) Implantouse a monarquía absolutista.
 - b) Conseguiron colonias en América.
 - c) Suprimiu a constitución.
 - d) Implantou a monarquía parlamentaria.
 - e) Aprobou a constitución.
 - f) Perderon colonias en América.

5. **I República española**:
 - a) O xefe de estado era un presidente elixido polos cidadáns e durou un ano.
 - b) O xefe de estado era o rei.
 - c) O xefe de estado era un presidente elixido polos cidadáns e durou catro anos.